



## CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n  
15863 A Baña (A Coruña)  
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516  
Fax: 981 886 616  
[correo@concellodabana.gal](mailto:correo@concellodabana.gal)  
[www.concellodabana.gal](http://www.concellodabana.gal)

### RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

José Antonio Pereira Gil, Alcalde do concello da Baña, na data da sinatura dixital, en presenza do secretario de dito concello, emito o seguinte decreto:

**Asunto: APROBACIÓN DA LISTA DEFINITIVA DE ASPIRANTES PARA A CONTRATACIÓN DE TRES PEÓNS/AS FORESTAIS COMA PERSOAL LABORAL TEMPORAL AO ABEIRO DO CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E A ENTIDADE LOCAL DO CONCELLO DA BAÑA, PARA A REALIZACIÓN DE ACCIÓNS DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS DURANTE OS ANOS 2025-2026, COFINANCIADO PARCIALMENTE CO FONDO EUROPEO AGRÍCOLA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (FEADER) NO MARCO DO PLAN ESTRATÉXICO DA POLÍTICA AGRARIA COMÚN (PEPAC) 2023-2027.6)**

**Expte TEDEC: 2026/E002/0000010 (Persoal).**

**Expte TEDEC: 2026/A006/000007 (Convenio/Subvención).**

**Expte. TEDEC: 2026/G003/000491 (Decreto).**

Vista a necesidade de adoptar unha resolución sobre o procedemento a que se refire este decreto en aras dos principios de eficacia e celeridade administrativa recollidos na Lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 40/2015 de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público.

Visto que o artigo 19.catro da Lei 11/2020, de 30 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2021 establece que “Non se poderá contratar persoal temporal, nin realizar nomeamentos de persoal estatutario temporal e de funcionarios interinos agás en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables.”

Visto Providencia de inicio de data 26 de maio de 2026 para a creación dunha bolsa de emprego, mediante o sistema de oposición, para a cobertura dos postos de TRES PEÓNS/AS FORESTAIS ao abeiro do Convenio entre a Consellería do Medio Rural e a entidade local do Concello da Baña.

Visto que, dita bolsa servirá para a cobertura do persoal en réxime de persoal laboral temporal ao abeiro do artigo 15 do Texto refundido do estatuto dos traballadores.

Visto que a selección de persoal deberá realizarse segundo establece o artigo 91 da Lei 7/1985.

Os contratos asinaranse baixo a modalidade de contratos de duración determinada vinculados a programas financiados con fondos europeos (vinculados ao convenio coa Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia que está cofinanciado polo Feader) a xornada completa con temporalidade ligada á duración do tempo asinado en Convenio.

A duración do contrato será o tempo preciso para o desenvolvemento e execución das actuacións que se recollen na base primeira, sendo estimada en tres meses.

As vacacións e o horario, que poderá ser partido en xornada de mañá e tarde, adaptaranse ás necesidades do servizo.

Esta bolsa de emprego manterá a súa vixencia ata a aprobación dunha nova bolsa derivada dun novo proceso selectivo que a substitúa ou ata o esgotamento das persoas integrantes ás que efectuar chamamentos.

Dito persoal cesará automaticamente cando desaparezan as circunstancias que motivaron o seu nomeamento determinadas no parágrafo anterior.

As retribucións serán as establecidas para postos similares do propio Concello, dentro das táboas salariais acordadas o grupo profesional do Convenio colectivo de Servizos Forestais Estatal (código 99100225012019), mentres non se conte cun convenio laboral propio do Concello da Baña.

Ocupación	Retribución
Peón/a forestal	1.424,50€

Establecese dúas gratificacións extraordinarias de:

- **200€ por persoa a finalización do contrato.** sempre que a brigada cumpra o obxectivo das actuacións de prevención mediante roza manual, marcadas no Programa de Actuacións preventivas do Convenio interadmisnitrativo entre a Consellería do Medio Rural e a entidade local da Baña de prevención e defensa contra os incendios forestais durante os anos 2025-2026, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADRE) no marco do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) de Galicia 2014-2020.

- **200€ por persoa a finalización do contrato,** sempre que o traballador non cause baixa voluntaria e cese o seu contrato por causas non imputables ao Concello da Baña antes da data de finalización do seu contrato.

Visto que o proceso proceso selectivo proposto levar a cabo, terá carácter aberto e garantirá a libre concorrencia mediante: **oposición**, recoñecido no artigo 24 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.

Visto que, o procedemento de selección do persoal laboral temporal será público, rexéndose en todo caso polos principios de igualdade, mérito, capacidade, publicidade e celeridade, e terá por finalidade a cobertura inmediata do posto. O nomeamento derivado destes procedementos de selección en ningún caso dará lugar ao recoñecemento da condición de persoal funcionario de carreira nin de persoal laboral fixo.

Visto o Informe de secretaria-intervención óbrante no expediente.

Visto que as bases que rexeron o proceso de selección, redactáronse de conformidade co establecido nos artigos 23 a 25 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, os artigos 3 e 4 do Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección da Administración Local, e nos artigos 55 a 62 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público

aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, de acordo cos principios de igualdade, mérito e capacidade.

Visto que as bases establecen as funcións e tarefas do persoal seleccionado segundo as definidas na base PRIMEIRA das citadas Bases reguladoras:

*“Este/a traballador/a dedicarse a execución das actividades subvencionadas sendo as tarefas a desenvolver as indicadas no citado convenio e no programa de actuacións preventivas A Baña 2026 e que a modo de resume son:*

- *Realizarán as labores de prevención de incendios forestais, sempre que non sexan requiridas para a defensa destes.*
- *Realizarán actuacións preventivas manuais como rozas, rareos e posterior eliminación de restos nas superficies indicadas no programa de actuacións preventivas A Baña 2026.*
- *Calquera outra, relacionada co posto de traballo, que lle encomende o superior xerárquico.”*

Visto que se recollen as características e requisitos do persoal financiado, segundo a base SEGUNDA das Bases reguladoras da bolsa de emprego e bases de selección para contratación de tres peóns/as forestais coma persoal laboral temporal ao abeiro do convenio entre a Consellería do Medio Rural e a entidade local do Concello da Baña, para a realización de accións de prevención e defensa contra os incendios forestais durante os anos 2025-2026, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no Marco do Plan Estratéxico da Política Agraria Común (PEPAC) 2023-2027.

Visto que ditas bases e convocatoria foron publicadas na páxina web, taboleiro de anuncios e portal da transparencia deste Concello así como no Boletín Oficial da Provincia da Coruña o 3 de XUÑO de 2026 (BOP núm. 103), iniciándose un prazo de dez días hábiles para a presentación de solicitudes para formar parte do proceso selectivo.

Visto que examinadas as solicitudes presentadas e conforme as referidas bases, achegáronse solicitudes , tal e como se reflicte na seguinte táboa definitiva:

SOLICITANTE	D.N.I.:	REXISTRO DE ENTRADA	ANEXO II	CELGA 1 ou equivalente	ADMITIDOS/ EXCLUIDOS
COSTA ABALO, JOAQUIN	***8040**	20269990000654 17/06/2026	SI	SI	ADMITIDO
CASTILLO CREGO, ANDRES	***9119**	20260000000893 17/06/2026	SI	SI	ADMITIDO
SEOANE JESUS, SERGIO	***1809**	20260000000862 16/06/2026	SI	SI	ADMITIDO
GARCIA PEREIRA, FRANCISCO	***7709**	20269990000608 09/06/2026	SI	SI	ADMITIDO
MAIGLER GARCIA, ALBERTO	***8997**	20269990000622 11/06/2026	SI	SI	ADMITIDO
GARCIA RODRIGUEZ, LUIS MIGUEL	***6896**	20260000000781 05/06/2026	SI	SI	ADMITIDO
GONZALEZ PAIS, RAMON	***9695**	20260000000833 11/06/2026	SI	SI	ADMITIDO
POZA CRESPI, GONZALO	***1408**	20269000000468 11/06/2026	SI	SI	ADMITIDO
MANCEBO PEREZ, JACOBO	***4293**	20260000000782 05/06/2026	SI	SI	ADMITIDO
COUTO REGUEIRO, ROI	***9451**	20260000000813 10/06/2026	SI	SI	ADMITIDO

Visto que segundo a base número 4 das bases reguladoras da convocatoria da bolsa de emprego , expirado o prazo de presentación de solicitudes, ditarase resolución declarando aprobada a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as e as causas de exclusión. Dita resolución publicarase na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios do Concello da Baña (dentro da sede electrónica municipal):

<https://sede.concellodabana.gal/sxc/gl/informacion/>

Visto que segundo a base número 4 das bases reguladoras da convocatoria da bolsa de emprego , de **non existir aspirantes excluídos/as**, a **resolución declararase elevada a definitiva**, a listaxe provisional, na mesma resolución de aprobación.

Vista a base número 5 mediante a que se determina, entre outros, os requisitos para a composición do Tribunal Cualificador, que será nomeado por Decreto de Alcaldía. Dito Tribunal e estará composto polos seguintes membros, de conformidade co disposto no art. 60 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

Visto que segundo se recolle na base 5, os tribunais poderán dispoñer a incorporación de asesores especialistas para as probas en que así o estimen necesario ou conveniente. Ditos asesores actuarán con voz e sen voto; limitaranse ao exercicio das especialidades técnicas en base ás cales colaboran no devandito tribunal.

**Presidente:** Manuela Sofía Abelenda Antelo, Técnico de Xestión do Concello da Baña.

Presidente suplente: Salome Camino Gamallo, Administrativo Concello da Baña.

- **Secretaria:** Rocio Caamaño Gerpe, Auxiliar administrativa do Concello da Baña.

Secretaria suplente: Monica Tome Rey, Técnico Omix Concello da Baña

- **Vogais:**

a) Jose Maria Vilacoba Garcia, Tractorista do Concello da Baña.

- Suplente: Jose Manuel Nuñez Vieito Tractorista do Concello da Baña.

b) Fernando Martínez Méndez, Subalerno do Concello da Baña.

- Suplente: Pablo Domínguez Couto, Tractorista do Concello da Baña.

c) Adrian Vazquez Forjan, Técnico deportes Concello da Baña.

- Suplente: Pablo Blanco Barreiro, Tractorista do Concello da Baña.

- **Asesor Técnico:** M.<sup>a</sup> Eugenia Moral Piñeiro AEDL do Concello da Baña.

Visto que segundo se recolle na base 5, na mesma publicación farase constar data, lugar e hora de comenzo da fase oposición, a data e hora das probas selectivas serán o **venres 3 de xulio de 2026 a partir das 11:30 horas** e que terán lugar na nave municipal do Concello da Baña e, no edificio do Concello da Baña (Praza do Concello s/n , 15863 A Baña)

De acordo coas atribucións que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e na aplicación do art.10 da Lei 40/2015 de 1 de outubro do réxime xurídico do sector público. Resolvo:

**Primeiro.-** Avoca-la competencia unicamente para resolver os asuntos a que se refire este Decreto, que fora delegada por decreto de Alcaldía número 16/2022 de 17/01/2022, na Xunta de Goberno Local.

**Segundo.-** Aprobar a **lista definitiva** dos aspirantes admitidos constatando a inexistencia de aspirantes excluídos ao posto de Peón/a , segundo base 4 da convocatoria de selección.

SOLICITANTE	D.N.I.:	REXISTRO DE ENTRADA	ANEXO II	CELGA 1 ou equivalente	ADMITIDOS/ EXCLUIDOS
COSTA ABALO, JOAQUIN	***8040**	20269990000654 17/06/2026	SI	SI	ADMITIDO

CASTILLO CREGO, ANDRES	***9119**	20260000000893 17/06/2026	NO	SI	EXCLUIDO
SEOANE JESUS, SERGIO	***1809**	20260000000862 16/06/2026	SI	SI	ADMITIDO
GARCIA PEREIRA, FRANCISCO	***7709**	20269990000608 09/06/2026	SI	SI	ADMITIDO
MAIGLER GARCIA, ALBERTO	***8997**	20269990000622 11/06/2026	SI	SI	ADMITIDO
GARCIA RODRIGUEZ, LUIS MIGUEL	***6896**	20260000000781 05/06/2026	SI	SI	ADMITIDO
GONZALEZ PAIS, RAMON	***9695**	20260000000833 11/06/2026	SI	SI	ADMITIDO
POZA CRESPI, GONZALO	***1408**	20269000000468 11/06/2026	SI	SI	ADMITIDO
MANCEBO PEREZ, JACOBO	***4293**	20260000000782 05/06/2026	SI	SI	ADMITIDO
COUTO REGUEIRO, ROI	***9451**	20260000000813 10/06/2026	SI	SI	ADMITIDO

**Terceiro.-** Publicar a lista **lista definitiva** dos aspirantes admitidos na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios do Concello da Baña (dentro da sede electrónica municipal):  
<https://sede.concellodabana.gal/sxc/gl/informacion/>

**Cuarto.-** Determinar a inexistencia de aspirantes excluídos.

**Quinto.-** Aprobar a composición do tribunal cualificador e nomear ás seguintes persoas:

- **Presidente:** Manuela Sofía Abelenda Antelo, Técnico de Xestión do Concello da Baña.  
Presidente suplente: Salome Camino Gamallo, Administrativo Concello da Baña.
- **Secretaria:** Rocio Caamaño Gerpe, Auxiliar administrativa do Concello da Baña.  
Secretaria suplente: Monica Tome Rey, Técnico Omix Concello da Baña
- **Vogais:**
  - a) Jose Maria Vilacoba Garcia, Tractorista do Concello da Baña.  
- Suplente: Jose Manuel Nuñez Vieito Tractorista do Concello da Baña.
  - b) Fernando Martínez Méndez, Subalterno do Concello da Baña.  
- Suplente: Pablo Domínguez Couto, Tractorista do Concello da Baña.
  - c) Adrian Vazquez Forjan, Técnico deportes Concello da Baña.  
- Suplente: Pablo Blanco Barreiro, Tractorista do Concello da Baña.
- **Asesor Técnico:** M.<sup>a</sup> Eugenia Moral Piñeiro AEDL do Concello da Baña.

**Sexto.-** Acordar que a data da fase de oposición (segundo base sexta da orde da convocatoria) realizarase o **venres 3 de xulio de 2026** a partir das **11:30 horas** na nave municipal do Concello da Baña e, no edificio do Concello da Baña (Praza do Concello s/n , 15863 A Baña):

1ª proba de carácter eliminatorio: **Proba física de esforzo**

2ª Proba de carácter eliminatorio: **Cuestionario tipo test**

3ª Proba de carácter non eliminatorio: **entrevista persoal**

**Sétimo.-** Publicar a lista definitiva de admitidos/as, a composición do tribunal e a data lugar e hora da constitución do tribunal e da convocatoria para a realización das probas da fase de oposición no Taboleiro de Anuncios do concello e na páxina web municipal (dentro da sede electrónica municipal).

**Oitavo.-** Dar traslado do presente acordo á Intervención para o seu coñecemento aos efectos oportunos e dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre.

Mándaos e asínaos o señor alcalde, e ordena darlle traslado ó departamento correspondente para a súa incorporación ó expediente do que eu Secretaria- interventora accidental, Rocio Caamaño Gerpe, dou fe.

## DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE